

A Pastoriza, 13 de xullo de 2012.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 3121

Anuncio

O Pleno desta Corporación en sesión de 26 de maio de 2012 aprobou inicialmente a nova ordenanza fiscal reguladora do prezo público por ensinanzas na Escola Municipal de Teatro.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público o acordo provisional adquire carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais faise público o seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra a ordenanza aprobada poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PUBLICO POR ENSINANZAS NA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO

Artigo 1º. Establecemento do prezo público e normativa aplicable

No uso das atribucións conferidas polos artigos 41 e seguintes e o polo artigo 127 do Texto refundido de la lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola prestación dos cursos anuais da Escola Municipal de Teatro, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º. Natureza e feito impositivo.

Constitúe o feito impositivo deste prezo público a inscrición de persoas físicas nos cursos a impartir na Escola Municipal de Teatro, órgano dependente da área de cultura deste Concello.

Non se esixirá por este Concello prezo público algún polos cursos que, aínda que impartidos na sede da Escola Municipal de Teatro, sexan impartidos por outras Administracións ou Institucións ou teñan o carácter de gratuítos conforme á lexislación vixente.

Artigo 3º. Obrigados ao pagamento.

Son suxeitos pasivos deste prezo público e están obrigados ao pago as persoas físicas que se matriculen no curso teatral da Escola Municipal de Teatro.

Artigo 4º. Obriga de pagamento

1. A obriga de pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace coa formalización das correspondentes matrículas para o curso ou actividade da que se trate.

2. A matrícula e os restantes dereitos de inscrición aboaranse dunha soa vez ao realizar a inscrición.

As mensualidades deberán satisfacerse nos 10 primeiros días de cada mes.

Artigo 5º Tarifas

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

Matrícula:

-Adultos: 20 €

-Nenos/as: 10 €

Mensualidades

-Adultos: 30 €

-Nenos/as: 15 €

Peón fontaneiro	1
Peón limpeza	1
Operario depuradora	1
Operario canteiro	1
Peón servizo augas	1
Chófer tractor	1
Operario limpeza	1
Peón xardíns e limpeza	1
Encargada Biblioteca	1
Animador sociocultural	1
Auxiliar do edificio sociocultural	1
Técnico de medio ambiente (vacante)	1
Axente Desenvolvemento Local	1
Peón apoio	1
Socorrista piscina municipal	1
Auxiliares asistencia domiciliaria	4
Educadora familiar	1
Auxiliar administrativo S.S.(1/2 xornada)	1

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Operario servizos múltiples	1
-----------------------------	---

Pantón, 29 de marzo de 2012.- O ALCALDE, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1412

A PASTORIZA

Anuncio

O Pleno desta Corporación en sesión de data 28 de xaneiro de 2012 aprobou inicialmente a nova Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) do Concello da Pastoriza. Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público o acordo provisional adquire carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais faise público o seu texto íntegro para a súa entrada en vigor:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DA PASTORIZA.

ÍNDICE

Artigo 1. Natureza e fundamento

Artigo 2. Obrigados ao pago

Artigo 3. Contía

Artigo 4. Determinación da capacidade económica dos usuarios/as do servizo

Artigo 5. Normas de xestión

Artigo 6. Obrigación de pago

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

Artigo 1. Natureza e fundamento.

De conformidade co previsto nos artigos 127 e 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizo municipal de axuda no fogar.

Artigo 2. Obrigados ao pago.

Están obrigado ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza os que se beneficien da prestación do servizo de axuda no fogar. Para ser beneficiario do servizo estarase ao establecido no Regulamento do servizo de axuda no fogar.

Artigo 3. Contía.

3.1 A contía do prezo público regulado nesta ordenanza fixarse de conformidade coas tarifas contidas no seguinte apartado. A súa determinación ou liquidación realizarase no momento do inicio da prestación do servizo por parte do órgano competente, previo informe do/a traballador/a social.

3.2 O importe do prezo público regulado nesta ordenanza determinarase mediante a aplicación das seguintes porcentaxes sobre o custo total por hora do servizo:

INGRESOS IPREM	Aportación do usuario
Entre o 100% e o 150%	10 %
Entre o 150 % e o 200 %	12%
Entre o 200% e o 250%	15%
Entre o 250% e o 300%	20%
Entre o 300% e o 350%	28%
Entre o 350% e o 400%	37%
Entre o 400% e o 450%	45%
Entre o 450% e o 500%	60%
Máis do 500%	65%

3.3 A cuantificación do prezo/hora do servizo fixarase anualmente polo pleno do Concello.

3.4 O prezo que deberá aboar cada mes o usuario será o resultante de aplicar as porcentaxes que figuran na anterior táboa sobre o a contía que resulte de multiplicar o prezo/hora do servizo polo número de horas mensuais do mesmo concedidas ao usuario.

Artigo 4. Determinación da capacidade económica dos usuarios/as do servizo.

4.1. Para os efectos de este artigo considerase persoas usuaria aquela para a que se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como usuario/a un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

4.2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co disposto nos parágrafos seguintes.

4.3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

4.4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como as débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio.

Nos supostos de co-titularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

4.5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

4.6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: O perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

4.7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma do 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade; un 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

4.8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

4.9. Os servizos sociais municipais establecerán os mecanismos de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

Artigo 5. Normas de xestión.

5.1. As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse mensualmente polo Concello.

5.2. O pago do prezo público realizarase polos obrigados a el mediante domiciliación bancaria.

Artigo 6. Obrigación de pago.

6.1. A obriga de pagar o prezo público por parte do beneficiario nace dende o día que se inicie a prestación do servizo de axuda no fogar, liquidándose aquel con periodicidade mensual e prorrataéndose o seu importe cando se liquiden meses incompletos.

6.2. A primeira liquidación, ou posterior na que se modifiquen os seus elementos esenciais, seralle notificada ao interesado.

As sucesivas liquidacións serán entregadas á entidade bancaria onde se encontre domiciliado o pagamento, debendo efectuarse o devandito pagamento nos dez primeiros día naturais do mes seguinte ao que sexa obxecto de liquidación.

6.3. As débedas do prezo público regulado nesta ordenanza poderanse esixir polo procedemento administrativo de constrinximento no caso de impago por parte do beneficiario en período voluntario.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao que se establece nesta Ordenanza.

DISPOSICION FINAL

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse ese mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

A Pastoriza 26 de marzo de 2012.P.D. (Decreto de alcaldía 13 de xuño de 2011), A tenente de alcalde, Elva Carrera González

R. 1413

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2012, CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2012.

Tendo sido aprobado polo Pleno deste Concello o Expediente de Modificación de Créditos Nº 1/2012 de Crédito Extraordinario, por acordo adoptado en sesión celebrada o 9 de febreiro de 2012, non tendo sido presentada ningunha reclamación ao mesmo, dando cumprimento a o que dispón o artigo 177 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, faise público que dito expediente ascende respectivamente a TRINTA MIL EUROS (30.000 €) quedando o Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento Xeral para 2012 como de seguido se reflicte

ESTADO DE GASTOS.

CAPITULO	DENOMINACION	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSOAL	638699,79
2	BENS CORRENTES E SERVIZOS	199692,47
3	GASTOS FINANCEIROS	200
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	12300
5	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	850892,26
6	INVERSIÓNS REAIS	140885,95
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0
8	ACTIVOS FINACEIROS	0
9	PASIVOS FINANCEIROS	0
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	140885,95
	TOTAL GASTOS	991778,21